

aínda que non queira”.

Acúdeme tamén agora, líbrame destes crueis
pesares, e canto o meu corazón ansía
que se cumpra, cúmpromo, e ti mesma
sé a miña aliada.

2

Participade dos fermosos dons das musas de colo de violetas,
rapazas, e da sonora lira amiga do canto;

A min, que antes tiña suave a pel, a vellez
xa me capturou, e brancos tornáronse os negros cabelos;

O corazón fixéseme pesado e os xeonllos non me aguantan máis,
eses que antano eran áxiles e danzaban coma cervatos.

Láíome disto a miúdo; mais, que podería facer?
que o ser humano non coñeza a vellez non é posible que ocorra.

Contábase xa en tempos que Aurora de brazos de rosa
levou por amor a Titón aos confíns da terra,

cando aínda era fermoso e mozo; mais aínda así alcanzouno
co tempo a canosa vellez, aínda que tiña inmortal esposa.

3

...nin

...desexo...

...xuntas...

...flor...

...desexo...

...gozabamos...

4

Paréceme a min que semellante aos deuses
é aquel home, que fronte a ti
se senta e pretiño o teu doce falar

escoita

mentres sorrís con amor, e isto en verdade
fixo esvaecer o corazón no meu peito;
pois se te vexo de repente a miña voz

non me responde

a lingua pégaseme, sutil
de súpeto un lume corre baixo a miña pel,
e os meus ollos non ven nada, rebúmbianme

os oídos,

brotando de min a suor, un tremor
toda me sobrecolle, pálida como a herba
quedo, e de morrer a piques

me vexo.

Mais todo se pode soportar...

5

Algúns, que unha formación de cabaleiros, outros, de infantes,
outros, de navíos, din que sobre a negra terra
son a cousa máis fermosa; eu, aquilo que

cadaquén ame.

É verdadeiramente doado facérllelo comprender
a todos, pois a que entre os humanos sobresaía con moito
en beleza, Helena, ao seu nobre

marido

abandonou e navegando dirixiuse a Troia;
e nin da súa filla, nin dos seus amados pais
en absoluto se lembrou, senón que a seduciu

...

...

... agora faime recordar a Anactoria
que non está conmigo;

dela preferiria ver o seu sedutor andar,
o esplendor refulgente do seu rosto,
antes que os carros dos Lidios e unha parada
de infantes.

...